

O grupo municipal do BNG do concello de Zas presenta a seguinte Moción para combater a Praga da vespa velutina

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vespa velutina é unha avéspera de orixe asiática cuxa presenza en Europa foi sinalada por primeira vez en Lot-et-Garonne (Francia). En España tense constancia dela dende o 2010 no norte de España.

En Galicia detectouse a súa presenza por primeira vez no 2012 en Burela e no Rosal. A Xunta de Galicia tardou dous anos hasta o 2014 en tomar algún tipo de medida para eliminar ou impedir a previsible expansión e colonización desta especie do hábitat do noso país. A medida estelar que adoptou a Xunta no 2014, e por en marcha o programa de vixilancia e control fronte á vespa asiática (Vespa Velutina). Este programa indicaba un protocolo de actuación e unha serie de medidas para combater esta, naqueles anos, incipiente Praga. Dentro dos medios de intervención previstos para eliminar os niños, detalla as consellarías responsables dos mesmos. Posto que como todos sabemos a competencia exclusiva para a loita contra esta Praga son da xunta de Galicia.

Este protocolo de vixilancia do 2014, non vai acompañado dunha dotación orzamentaria exclusiva para a loita contra esta Praga, temos que lembrar que no 2014, retiráronse 572 niños. Ou sexa, sin. dotación orzamentaria este protocolo limitábase a unas descrições e pautas para a centralización de información e propostas de actuación para a cidadanía. O fracaso deste protocolo é evidente, dous anos despois no 2016 o número de niños retirados foi de 10272 (dados da Xunta), como ó recoñece a propia Xunta cando actualiza ese protocolo no 2016 e no punto 3-OBXECTIVOS di: “..., xa que a contención da colonización do territorio e a erradicación deste insecto, a día de hoxe non é un obxectivo posible”. Pola contra no mesmo protocolo do ano 2014, no punto 3-OBXECTIVOS di: “ o obxectivo principal é a contención no asentamento e no avance da vespa velutina e os seus respectivos niños”.

A propia Xunta recoñece o fracaso das súas políticas para combater a praga da vespa asiática, política que consistiu unha labor de propaganda, e dicir que se estaba a facer, sin facer nada, sin orzamento e intentando gastar ó menos posible. Cando se avisa dun niño, a xunta tarda semanas en vir a retíralo.

Diante deste fracaso na contención e expansión desta praga, a consecuencia obvia sería a dimisión daqueles cargos políticos responsables deste fracaso, neste caso non solo non se produciu ningunha dimisión, senón que dende o Partido Popular en conivencia coa propia xunta, intenta trasladarse aos concellos a responsabilidade política e orzamentaria de combater esta Praga. A xunta inventa a figura de concello colaborador, esto é, si un concello se suma a este programa, dálle unas pértegas, e uns traxes con isto pásalle ao concello a responsabilidade e o gasto de retiralos niños do seu concello. A ineficacia desta medida, é visible nos gráficos que se axuntan. O crecemento dos niños de vespa asiática nestes anos, é igual naqueles concellos que se sumaron a este programa e nos que non. Para o único que serve este programa é para que a Xunta intente, de cara a opinión pública, descargar nos concellos a responsabilidade do seu exclusivo fracaso e disfrace a falta de decisión política no exercicio da súas exclusivas competencias.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1-Exixir a Xunta de Galicia que cese aos cargos políticos responsables da loita contra a vespa velutina dende o ano 2014 hasta a actualidade.

2-Que deseñe, da cordo con tódolos sectores afectados e coas universidades, un plan de choque contra a vespa velutina. Plan que ira acompañado do seu correspondente orzamento.

3-Mentres non se poña en marcha o anterior plan de choque, a xunta para axilizar e combater dun xeito máis acaído a retirada de niños, abrirá unha liña de axudas específica para aqueles concellos máis afectados para poder contratar profesionais ou empresas para a retirada de niños e o para actuar na prevención da expansión desta Praga.

Esta moción remitirase ao presidente da Xunta de Galicia, as deputacións e a FEGAMP

Portavoz BNG

Oscar Lema Romero